

ANUNCIO**TRAMITACIÓN DE URXENCIA DO PROCEDEMENTO “ESCOLA DE VERÁN 2024”**

Pola Alcaldía deste Concello, con data 10/06/2024, ditouse o decreto con número 1800/2024 que copiado é do teor seguinte:

“DECRETO DA ALCALDÍA**ASUNTO: TRAMITACIÓN DE URXENCIA DO PROCEDEMENTO “ESCOLA DE VERÁN 2024”****EXPEDIENTE: 8050/2024****ANTECEDENTES:**

O 02/05/2024, mediante o Decreto 1377/2024, resolveuse o inicio do prazo de inscrición do servizo de conciliación da vida laboral e familiar do concello de Ames “Escola de verán 2024”.

Dito prazo de inscrición estivo aberto desde o 03/05/2024 ata o 20/05/2024, presentándose dentro deste prazo 509 solicitudes.

Un dos requisitos para poder optar a este programa é que os membros da unidade familiar do/a usuario/a que solicita o programa estean empadroados no Concello de Ames e que non teñan débedas en executiva co Concello. A comprobación destes datos faise por outros departamentos do Concello, previa solicitude dos mesmos polo departamento de educación.

O elevado número de solicitantes do programa, xunto co feito de que este programa coincide practicamente no tempo co tamén programa de conciliación “xuño lúdico 2024”, e tamén ca elaboracións das listas provisionais, tanto de nova inscrición como de renovación, dos servizos complementarios de educación (comedor, bos días e tardes divertidas) do curso 2024/2025, provoca que os listados de usuarios participantes no programa se demore mais do debido ca conseguinte dilación da solicitude dos datos de padrón e das débedas aos departamentos correspondentes.

O artigo 15 do Regulamento da escola de verán do Concello de Ames (BOP núm. 243 de 26/12/2022) establece que se publicará unha lista provisional de admitidos e excluídos dando un prazo de subsanación de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións, e unha vez resoltas estas, publicarase a lista definitiva.

Visto o atraso na publicación das listas provisionais motivado polos motivos xa expostos, e tendo en conta a proximidade do inicio do programa de Escola de Verán, manter o anterior prazo de subsanación provocaría que o procedemento non se resolverse a tempo co conseguinte prexuízo que isto suporía para as familias solicitantes do programa.

Por ilo, considérase necesario recorrer ao artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) que permite, cando razóns de interese público o aconsellen, aplicar ao procedemento a tramitación de urxencia, reducindo á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario.

Á vista de todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

- 1.-** Aplicar de oficio a tramitación de urxencia ao procedemento de admisión no programa de conciliación “Escola de Verán 2024”, reducindo á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos, polo que o prazo de subsanación para a presentación de reclamacións á lista provisional de admitidos e excluídos quedará reducido a 5 días hábiles.
- 2.-** Informar que contra dita resolución non caberá ningún recurso sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.
- 3.-** Publicar o contido deste Decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica, na páxina web municipal e na páxina www.conciliames.gal.”

O alcalde

José Blas García Piñeiro

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
10/06/2024 2552C596968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC25DDDBFE19A711E347A0

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS